



R 1809



V CERTAME GASTRONÓMICO RETAPAS

Unha iniciativa de:

Asociación de Hosteleiros e Comerciantes Casco Vello Vigo

Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo

1. CONVOCATORIA.

1.1. A Asociación Casco Vello Hostelería e Comercio e a Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello convocan o **V CERTAME GASTRONÓMICO RETAPAS** que **terá lugar entre os días 4 e 20 de marzo de 2022, ámbolos dous incluídos.**

1.2. O certame gastronómico **Retapas** ten como obxectivo a **promoción gastronómica e turística do barrio histórico de Vigo no mes que adicamos a Festa da Reconquista da Vila de Vigo, declarada de interese turístico nacional.**

2. PARTICIPANTES.

Poderán participar no concurso todos aqueles locais de hostalaría do Casco Vello de Vigo que así o desexen.

3. INSCRICIÓN.

3.1. O **prazo de inscrición será do 18 ao 23 de febreiro de 2022, ámbolos dous incluídos**, e poderá formalizarse enviando cumprimentada a folla de inscrición que se poderá descargar aquí:

<https://drive.google.com/file/d/13IMB8koPb3WdZmNAi2B9RSlyekQZKPbl/view?usp=sharing> ou nos perfís de Instagram de <https://www.instagram.com/cascovellovigo/> e <https://www.instagram.com/certameretapas/> enviándoa ao enderezo

contacto@asociacioncascovello.gal e achegando 10,00 € para os gastos xerados do certame. Un representante da asociación fará o cobro directamente nos establecementos, aos que se lles facilitará o correspondente recibo/factura do pago.

3.2. Coa folla de inscrición deberá entregarse tamén unha **ficha técnica** da

tapa coa que se participará no concurso.

4. O CONCURSO.

4.1. **Presentación** do certame: os locais participantes **achegarán unha foto da tapa ou cóctel** sobre fondo branco para a súa difusión en prensa e redes sociais da Asociación Casco Vello Hostelería e Comercio e Retapas, e da AVC Casco Vello.

4.2. **A Comisión Organizadora determinará aos gañadores** (un por tapa, un por cóctel), escollendo entre todos os locais participantes.

4.3. A Comisión Organizadora velará por que as propostas respondan ao concepto tapa rexeitando aquelas que poidan ser consideradas medias racións” ou “racións” ou que non cumpran algunha das esixencias destas bases.

4.4 Os locais participantes convidaran as persoas que se identifiquen como xurados, unha vez consumida a tapa ou cóctel, nese mesmo intre selarán unha tarxeta que levara o xurado, coa que se comprobara que se pasou por todos os locais.

5. A TAPA.

5.1 **Modalidade tapas: Galicia VS Francia.** Os locais participantes deberán facer unha proposta de tapa **baseada na tradición gastronómica galega ou francesa. PODEN SER DOCES OU SALGADAS.**

5.2. Cada local poderá participar cun máximo de 2 tapas. Non sendo obrigatorio a segunda.

5.3. O **prezo final** de venda o público será de **3,0 euros.**

5.4. A tapa, que terá que ser orixinal, se é galega contará na súa elaboración cando menos cun produto pertencente a algunha das Denominacións de Orixe (D.O.) ou Indicacións Xeográficas Protexidas (I.X.P.) de Galiza. A tapa francesa poderá incluír tamén produto galego.

5.5. A organización poderá solicitar un escandallo (relación de custes) da tapa.

6. O CÓCTEL.

6.1 **Modalidade cóctel:** Os locais que non contén con cociña ou prefiran adscribirse a esta modalidade poden facer propostas de coctelería **ben de orixe galega, ben de orixe francesa.**

6.2. Cada local poderá participar cun máximo de 2 combinados, non sendo obrigatorio o segundo.

6.3 A organización poderá solicitar un escandallo (relación de custes) do combinado.

7. XURADO.

7.1. O Xurado (conformado por representantes do mundo da eno-gastronomía, da cultura e do movemento veciñal) designará as tapas premiadas como “**mellor Retapa 2021**” e mellor “**Retapa maridaxe 2021**” entre as propostas finalistas.

7.2. Como norma xeral os membros do xurado identificaranse como tales unha vez consumida a Tapa ou Cóctel.

8. PUNTUACIÓNS.

8.1 O xurado valorará, entre 0 e 7 puntos a:

- Elaboración
- Presentación
- Sabor
- Orixinalidade e/ou Creatividade

9. OS LOCAIS.

9.1. Os establecementos **servirán as tapas, cando menos, dende as 12:00 ás 14:00 e de 18:00 ás 22:00 horas**, podendo ampliar o mesmo se así o desexan. Para elo informarán do seu horario, así como dos días de feche á clientela e a comisión organizadora. Se as limitacións horarias da hostelería mudaran, poderán adaptarse ás mesmas.

9.2. Os locais autorizan a que se reproduzan as súas receitas nos medios de comunicación ou en calquera que a entidade organizadora estime (sempre citando o local).

9.3. Os locais autorizan a cesión dos datos do establecemento ás entidades patrocinadoras, co fin de que estas lles acheguen ofertas dos produtos que comercializan.

9.4. Os locais comprométense a difundir (na medida das súas posibilidades), nas súas redes sociais o certame, mencionando as contas das dúas entidades organizadoras así como a propia de Re-Tapas.

9.5. Os establecementos gañadores comprométense a participar no acto de entrega de premios (data, lugar e hora serán determinado e comunicados pola organización, que terá sempre en conta os protocolos sanitarios do contexto COVID).

9.6. Os establecementos exhibirán nun sitio visíbel o cartaz do concurso.

9.7. Os establecementos participantes deberán, en todo momento, cumprir e facer respectar as normas de hostelería do contexto COVID establecidas polas autoridades sanitarias.

11. PREMIOS PARA OS ESTABLECEMENTOS.

11.1. As tapas gañadoras dos premios do xurado serán agasalladas cunha táboa conmemorativa.

11.3. A entidade organizadora poderá, se así o valora, facer entrega de premios accésit. De acordo cos criterios establecidos nas presentes bases.

12. PREMIOS PARA O PÚBLICO.

Entre todos os que compartan en redes sociais unha foto da tapa ou cóctel etiquetando a: <https://www.instagram.com/certameretapas> e a <https://www.instagram.com/cascovellovigo/>

Sortearanse lotes de Produtos variados que se entregarán o día 28 de marzo coa entrega de premios do concurso.

13. ENTIDADES COLABORADORAS.

13.1. As entidades colaboradoras participaran aportando produtos, servizos etc da súa elección que serán utilizados pola organización para agasallar ao público participante.

13.2. As entidades organizadoras comprométense a publicar en toda a difusión do certame a marca das empresas colaboradoras, (prensa escrita, radio, redes sociais...).

14. DISPOSICIÓN FINAIS.

14.1. As decisións dos xurados será inapelábeis.

14.2. A Organización declina en cada establecemento vendedor toda responsabilidade sobre a calidade, composición, manipulación, elaboración dos produtos por el expostos ou vendidos, así como das condicións laborais das persoas que participen nel.

14.3. A solicitude para participar no V Certame gastronómico RETAPAS supón a aceptación total destas bases